

Núm. 234/10

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

Asunto: Adxudicación provisional do contrato de servizo de Impartición e xestión do curso "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio".

ANTECEDENTES

1º) Por Resolución de Alcaldía de data 28 de xuño de 2010 aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato de Servizo de impartición e xestión administrativa do curso: "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio", por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urgente, así como se procedeu a autorizar o gasto do servizo referido.

2º) Cursadas invitacións para participar no procedemento ás empresas, "GR12 Grupo Empresarial de Servicios, SL", "Educativ GAP PUE, SL" e "Clictic, SL", soamente presentou proposta "G12 Grupo Empresarial de Servicios, SL".

3º) Consta no expediente informe de Secretaría-Intervención que é favorable á adxudicación do contrato de Servizo de impartición e xestión administrativa do curso: "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio" á empresa "GR12 Grupo Empresarial de Servicios, SL".

Tendo en conta os aspectos de negociación, examinada a documentación que acompaña á proposta presentada, de acordo con estas e de conformidade co establecido no artigo 135.3, e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Declarar a validez da licitación efectuada.

SEGUNDO Adxudicar provisionalmente o contrato de Servizo de impartición e xestión administrativa do curso: "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio" á empresa "G12 Grupo Empresarial de Servicios, SL" polo prezo total de 35.685 € (exento IVE), con suxeición estricta ós Pregos de Cláusulas Administrativas, por sela única oferta presentada.

TERCEIRO. Notificarlle á adxudicataria a presente resolución e tal como establece o art. 135.4 da Lei de Contratos do Sector Público, requirirlle para que no prazo dos dez días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como que constitúa a garantía definitiva de 1.784,25 €, equivalente ó 5% do importe de adxudicación.

CUARTO. Esta adxudicación provisional elevarase, si é o caso, a definitiva unha vez transcorridos 10 días hábiles a partir do día seguinte a aquel no se publique a adxudicación no perfil do contratante.

Soutomaior, 8 de xullo de 2010

O ALCALDE,

Ante mín, A SECRETARIA,